

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEDEUME**

ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle das parcelas 24-25-26 do polígono industrial do Vidreiro-Campolongo; promotora Breanca Inversiones, S.L. (expediente 2024/U035/000001).

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de abril de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

– Aprobar definitivamente o estudo de detalle das parcelas 24+25+26 no parque empresarial O Vidreiro-Campolongo; promotora Breanca Inversiones, S.L., asinado dixitalmente o día 17 de abril de 2026 polo arquitecto Colexiado COAG núm. 2.086, Eusebio Chao Carreiras, e con data de rexistro de entrada no Concello do 17 de abril de 2026 (núm. 202699900001005).

– Proceder á publicación do acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia* no prazo dun mes desde a súa adopción.

A documentación íntegra aprobada definitivamente poderá consultarse de xeito presencial nas dependencias do Departamento de Urbanismo do Concello de Pontedeume, situadas na avenida de Ricardo Sánchez, 6 (Edificio Foremdes), e de forma dixital na páxina web deste concello «<https://www.pontedeume.gal>» na epígrafe «Planeamento urbanístico».

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo máximo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se pioda interpor calquera outro recurso que se considere máis conveniente.

Pontedeume, 30 de abril de 2026

Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde

